

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE XULLO DE 2013**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia da señora alcaldesa en funcións dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Manuel Rivas Caridad, do PP, e dona Margarita Iglesias Pais, do PSdeG-PSOE.

Asisten dona Eva María Casal Sanjurjo, interventora accidental, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Antes de dar comezo á sesión, pola secretaria da Corporación dáse lectura á declaración institucional asinada por todos os grupos municipais logo do accidente de tren ocorrido en Santiago de Compostela, que consta do seguinte teor literal:

“Logo do grave accidente de tren ocorrido en Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013, o Concello de Cambre declara o seu pesar pola traxedia, traslada a súa solidariedade ás familias das persoas que perderon a vida e súmase ao loito decretado.

O Concello de Cambre quere trasladar tamén o seu afecto ás persoas feridas e ás súas familias, e desexa unha rápida recuperación de todas elas.

Despois do accidente, o Concello de Cambre recoñece de maneira especial o esforzo desenvolvido por todos os profesionais que traballan na atención ás vítimas e ás súas familias.

O Pleno expresa tamén o seu recoñecemento ás veciñas e aos veciños de Santiago de Compostela que colaboraron nas tarefas de rescate e ás persoas voluntarias que se ofreceron para prestar apoio ás vítimas, para doar sangue ou a través de calquera outra manifestación de solidariedade.

Por iso, nestes días, nos que Galicia está de loito, o Concello de Cambre suspendeu calquera tipo de actividade festiva para sumarse, xuntos, como fixo desde os

momentos posteriores á traxedia, ao loito inmenso que habita nos corazóns de tanta xente e para dicir grazas a todas as persoas que dun ou doutro xeito prestaron e prestan asistencia e apoio ás vítimas e ás súas familias.”

A Corporación municipal en Pleno, xunto co público asistente á sesión, gardan un minuto de silencio en recordo das vítimas.

A continuación, aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por don José Antonio Orosa Fernández e da proposta de Alcaldía coa designación da persoa á cal corresponde cubrir a vacante**

Antes de dar a palabra á secretaria da Corporación, a Sra. presidenta agradece o labor desempeñado no concello por don José Antonio Orosa Fernández, ao servizo dos veciños, durante o seu tempo como concelleiro.

De orde da Sra. alcaldesa en funcións dáse lectura pola secretaria da Corporación ao escrito presentado por don José Antonio Orosa Fernández, o 24 de xullo de 2013, polo que renuncia á súa acta de concelleiro do Concello de Cambre.

Igualmente, dáse lectura pola secretaria á acta de comparecencia efectuada no día de hoxe por don José Luis Marzoa Ares perante a secretaria municipal, en cuxo apartado terceiro manifesta, segundo transcripción literal:

*“-Que a medio da presente comparecencia quero facer constar que motivos de traballo me impiden levar a cabo as funcións de concelleiro do Concello de Cambre, polo que neste acto manifesto a miña renuncia á credencial e, polo tanto, a miña conformidade a que a credencial de concelleiro do Concello de Cambre sexa expedida a nome do seguinte candidato na lista: Dona María Eugenia Mantiñán Méndez.”*

Dada conta do informe emitido pola secretaría en data 26 de xullo de 2013, e tendo en conta a acta de comparecencia, os dezoito concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade coa proposta contida no informe, e tendo en conta a acta de comparecencia de don José Luis Marzoa Ares, acordan:

Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre, presentada por don José Antonio Orosa Fernández, de UniónxCambre (UxC), mediante escrito rexistrado de entrada al núm. 10126 o 24 de xullo de 2013.

Segundo: De conformidade co establecido no apartado 1 da Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, remitir certificación á Xunta Electoral Central.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 182.1 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e apartados 1 e 3 da Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, sinalar á Xunta Electoral Central que o candidato da lista a prol de quen corresponde

expedir a credencial acreditativa da condición de electo, atendendo á súa orde de colocación, é dona María Eugenia Mantiñán Méndez.

## **2º Proposta de aprobación da contía de prezo público correspondente ao acordo número 1 regulador do prezo público por actividades culturais**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 29 de xullo de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 30 de xullo de 2013.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo, explica que todos teñen o informe cos prezos fixados para as actividades, máis ou menos son os prezos que se empregan en todas as actividades que se están desenvolvendo actualmente no concello. Ademais a eses prezos tamén se lles aplicarán os descontos por familia numerosa, por estar no paro, e en xeral todos os descontos que se aplican ao resto de actividades.

Quere salientar que no artigo 44 do Texto refundido de facendas locais dise que o importe destas actividades debe cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, e engade ese artigo, agás que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen. Eles cren que debido á situación social e económica que se está atravesando, e tamén no seu afán de achegar un pouco máis as actividades á xente, para que á xente non lle supoña un desembolso demasiado grande participar nelas, cren que estes prezos son os máis adecuados.

En canto ás actividades que se van realizar na Casa da Cultura explica que teñen unha serie de actividades moi interesantes, algunhas delas moi innovadoras, e que a xente está amosando moito interese en participar nelas. Moitas delas son actividades que antes se desenvolvían en Educación, e agora pasan á Casa da Cultura.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que a eles xa lles chamou a atención o discurso do Sr. alcalde na inauguración da Casa da Cultura, e tamén lles chama a atención este punto na orde do día. Di que lles chama a atención porque hai un acordo plenario, un acordo de xullo do 2011, onde o grupo de goberno se compromete a falar coa oposición para chegar a acordos sobre os contidos e destino que lle van dar á Casa da Cultura. Polo de agora, polo menos co BNG non se falou, e pensa que con ningún outro grupo nin con ningunha asociación.

Parécelles grave que un acordo plenario se rompa desta maneira. Vense aquí xa cuns prezos e cuns contidos, que non dubida en ningún momento que non sexan moi interesantes, seguro que son unhas actividades moi interesantes, pero en todo caso non se está cumprindo cun acordo plenario.

Nesa sesión ordinaria do 21 de xullo do 2011, consta na acta que cando a ela lle concederon a palabra dixo que sen ser a mellor, era a solución menos mala, referíndose á decisión de dedicar Vila Concepción a Casa da Cultura, e tamén dixo

que confiaban plenamente no compromiso adquirido polo Sr. alcalde de que a decisión sobre o uso que se lle ía dar a ese edificio, se ía traer a pleno e para falar entre todos eles. Di que inxenua, moi inxenua como se ve, claro que no seu favor está que iso foi hai dous anos, acababan de comezar, o Sr. alcalde parecía que tiña un talante bastante dialogante, e ademais había unha cousa que non cambiou, que goberna nunha minoría aplastante, ou sexa, que non ten maioría, co cal o talante loxicamente se lle presupón nestas circunstancias.

Unha vez falado de que se pasou por alto un acordo plenario, chámalles moito a atención que o concello só poña o 16,45% do que van a custar esas actividades, o 83,55% restante van poñelo os veciños de Cambre que vaian a esas actividades, actividades que por moito que sexa o prezo que xa están a pagar, parécenlles caras, un curso de máis de 40 horas custará 1,50 €/hora, quere dicir iso que un curso de 40 horas, un curso que pode durar un mes, vaille custar ao veciño 60 €, se o que ve aquí non está errado.

Conclúe dicindo que, por todo isto, o BNG vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que el non sabe moi ben a que vén ese discurso, porque poucos días despois dese acordo plenario ao que se refire a voceira do BNG, todos os voceiros se reuniron para definir os usos, que ademais despois se aprobaron a través da aprobación do proxecto da Casa da Cultura que se volveu traer a pleno.

Lembra que nesa época o grupo de UxC fixo a suxestión de que se colocara unha cafetería para intentar que iso fora autosuficiente, ou o máis autosuficiente posible, e outros grupos fixeron outras propostas. O BNG tivo nesa reunión ao seu anterior voceiro, don Alfredo Rodríguez Abella, poden falar con el para contrastar se se celebrou ou non. Si que se tivo en conta a opinión de todos, de feito o proxecto adaptouse a eses usos que se acordaron entre todos os grupos, que el cre que nese momento estaban de acordo, e agora as actividades prográmanse en función deses usos que no seu día se tiñan consensuado.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto manifesta que quere facer simplemente un apuntamento. Efectivamente xa naquel momento se falou de posibles usos e de posibles actividades, pero todo iso quedou aberto a que se finalizase a obra, non foi un acordo pechado sobre a que se ía dedicar, falouse de moitas cousas, de salón de vodas, de cafetería, de moitos contidos, pero todo iso quedou no aire á espera de que a obra concluíse, e unha vez concluída a obra íase chegar a acordos e íase consensuar entre todos eles.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama explica que de momento a programación está feita ata decembro, ata o Nadal, a partir de aí empezará unha nova programación e terán en conta todas as achegas que poidan facer o resto dos grupos.

En canto aos prezos que a Sra. concelleira dixo que son moi altos, explica que a súa intención foi articular a realidade de hoxe en día e o beneficio dos veciños coa lexislación vixente, por iso volve a remitirse ao artigo 44 do Texto refundido de facendas locais, que pon que debe cubrir como mínimo o custo do servizo. Se len o

que informou a interventora, xa non é favorable ao 100%, polo que se poñen uns prezos máis baratos probablemente dirá máis.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto contesta que si o leu, que o subliñou e que o ten moi claro, e o que pon é “agás que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público”. Ela cre que unha Casa da Cultura é unha obra de interese público e como tal, sobre todo cando se trata dun proxecto que se pon en marcha, que empeza a camiñar, e que ademais é un proxecto do equipo de goberno, pois haberá que dotala de cartos, porque todos saben que sen cartos pouca cultura se pode facer. Por iso piden un esforzo maior, porque lles parece que están falando dun 83 fronte a un 16%, e ela entende que a interventora, os técnicos, actúen no seu afán de aforrar e demais, agora ben, o BNG aposta pola cultura e aposta porque sexa accesible a todo o mundo. Di que un curso que vai custar 60€/mes, todos saben como están as economías familiares, e haberá xente que só ten un fillo e que ao mellor o pode mandar, pero tamén haberá xente que ten dous ou tres fillos e que non pode pagar 120€/mes por un curso de informática.

Conclúe dicindo que, en todo caso, se isto se vai consensuar, pois estupendo, eles agardan que haxa unha reunión e que se consensue e demais, pero mentres tanto van votar en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM, votan en contra os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de UxC e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as seguintes contías de prezo público correspondentes ao acordo núm. 1 regulador de prezo público por actividades culturais:

ACTIVIDADE	TARIFA
Micoloxía	15,10 euros
Informática, por cada hora de curso	1,00 euros
Cursos de ata 40 horas, por cada hora de curso	1,25 euros
Cursos de máis de 40 horas, por cada hora de curso	1,50 euros

Segundo: Aprobar a modificación do texto do acordo núm. 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

Modifícase o artigo 4º do presente acordo regulador, incluíndo o apartado 4, quedando como segue:

“4. Os participantes nas actividades culturais que non figuren empadroados no municipio terán un suplemento do 50 por 100 da tarifa”

Terceiro: Publicar para o seu xeral coñecemento no *Boletín Oficial da Provincia* segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto: Os presentes acordos entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

**3º Proposta para asumir como propia da competencia do concello a prestación do servizo público de axuda a domicilio, e a súa xestión indirecta mediante a modalidade de concerto**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 24 de xullo de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 30 de xullo de 2013.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 31 de xullo de 2013, pola que se modifica a proposta de data 24 de xullo, e que consta do seguinte teor literal:

“A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social, e o artigo 26.1 c) atribúe aos concellos con poboación superior a 20000 habitantes, entre outras materias, a prestación de servizos sociais.

O artigo 11.1 f) da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia (en adiante, LSSG), e artigo 8 do Decreto 99/2012, establecen que entre as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos está a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación.

A este respecto, xa a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no seu artigo 12, establecía que as entidades locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas comunidades autónomas, e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, no artigo 15 recolle dentro do catálogo de servizos sociais o servizo de axuda a domicilio e no artigo 25 o define como o servizo que constitúe un conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender ás súas necesidades da vida diaria, prestadas por entidades ou empresas, acreditadas para esta función, e que poderán ser os seguintes:

- a) Servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria.
- b) Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar: limpeza, lavado, cociña e outros. Estes servizos só poderán prestarse conxuntamente cos sinalados no apartado anterior.

A LSSG define o servizo de axuda no fogar nos artigos 18 e 20.1 d) como un servizo de natureza material ou tecnolóxica, que consiste en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu entorno habitual, e ten carácter esencial, logo da correspondente valoración técnica, cando se trate de persoas con déficit de autonomía persoal incluídas no sistema de atención á dependencia.

A concellería de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, en cumprimento das competencias municipais, vén desenvolvendo dende hai anos o programa de axuda no fogar, que na actualidade conta con máis de 100 usuarios.

O servizo de axuda no fogar ten como obxectivo principal apoiar ás persoas usuarias nas tarefas elementais da vida cotiá, que non poidan realizar polos seus propios medios e/ou non poidan realizar os seus familiares directos, tales como: aseo persoal limpeza da vivenda, compra, xestións administrativas básicas, preparación da comida, etc...

Trátase dun servizo complementario e non permanente, que non exime aos familiares dos usuarios das súas responsabilidades como tales.

O Concello de Cambre vén contratando con empresas externas o servizo de axuda no fogar, sendo o derradeiro contrato o subscrito coa entidade "Eulen Servicios Sociosanitarios S.A. – Eulen, S.A.-Unión Temporal de Empresas-Ley 18/1982", de data 28 de abril de 2008 (asinándose un modificado o día 6 de setembro de 2010), cunha vixencia ata o día 28 de abril de 2012.

Rematado o antedito contrato, e sendo precisa a continuidade na prestación do servizo, que, ademais, se prevé en aumento, á vista das circunstancias sociais da poboación, cada vez máis vella e con menores recursos económicos, o Departamento de Servizos Sociais ten interese en que se incoe un novo procedemento de contratación, para adxudicar a unha entidade externa a prestación deste servizo.

A este respecto, e tendo en conta o manifestado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE na sesión da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda que tivo lugar no día de onte, 30 de xullo de 2013, faise constar que, tal e como estaba xa previsto na proposta da coordinadora de Servizos Sociais, é vontade do equipo de goberno sacar a contratación a xestión do dito servizo público cun período de duración do contrato de 2 anos máis 1 de prórroga, principalmente para non condicionar á próxima Corporación dado o período de lexislatura no que nos atopamos e, ademais, para evitar posibles expedientes de resolución do contrato no suposto de incumprimentos que en moitos supostos se producen cando se levan prestando os servizos durante un período longo de tempo.

Para tramitar o antedito expediente de contratación, cómpre ter en conta que a Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define e regula o sistema galego de servizos sociais como un **servizo público**, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema. Así mesmo, a Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da

autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, configura, no seu título I, o sistema para a autonomía e a atención á dependencia como “unha rede de utilización pública que integra, de forma coordinada, centros e servizos, públicos e privados”.

A Lei 13/2008 LSSG estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelle aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes, pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha esixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Neste nivel básico cómpre salientar os servizos de axuda no fogar, e de educación familiar.

Como se establece no preámbulo do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, a natureza de servizo público do servizo de axuda no fogar e o interese público determinante para o mantemento dun réxime de autorización administrativa sobre a prestación privada, implica a posibilidade de que a Administración titular do servizo poida contratar a xestión de determinados servizos sociais comunitarios mediante as diferentes modalidades previstas na normativa de aplicación sobre os contratos do sector público.

Así pois, correspóndelle ao concello, e, máis en concreto, ao Pleno da Corporación, a determinación da forma concreta de xestión dos servizos públicos, tal e como determina o artigo 22.2.f) e 47.2.k) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con carácter previo ao inicio do expediente de contratación.

Tendo en conta todo o antedito, e visto o informe emitido conxuntamente polos Departamentos de Secretaría e Intervención coa data do 23 de xullo de 2013, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos :

Primeiro: Asumir como propia da competencia do Concello de Cambre a prestación do servizo público de axuda no fogar, iso para os efectos do establecido no artigo 8.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, e de conformidade cos artigos 26.1 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 81.c) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, que atribúen aos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes-equivalentes a prestación de servizos sociais, e artigos 9, 10, 11 f), 60.1 a) e 61.1 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que atribúen aos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, entre os que se encontra o servizo de axuda no fogar.

Segundo: Acordar a prestación do servizo público de axuda no fogar, mediante xestión indirecta, mediante a modalidade de concerto contemplada no artigo 277.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, artigo 181 do Regulamento xeral da Lei de contratos aprobado por Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, artigo 305 da Lei



5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 29.1 da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro: O acordo anterior será tido en conta polos departamentos competentes para tramitar o correspondente expediente de contratación externa da xestión do servizo público de axuda no fogar no Concello de Cambre, de xeito que os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que se redacten para a contratación da xestión do servizo, empregarán as características desta fórmula contractual.”

Toma a palabra a Sra. presidenta para explicar que o que se trae hoxe aquí para a súa aprobación consiste en, como ben di a proposta, asumir como propia da competencia do Concello de Cambre a prestación do servizo público de axuda no fogar, tal e como marca a lei. Di que Cambre xa vén prestando esta axuda dende hai bastantes anos, agora mesmo contan con máis de 100 usuarios e simplemente do que se trata é de adecuarse á lei, que lles obriga a aprobalo en pleno a todos os concellos de máis de 20000 habitantes.

Tamén se trata de aprobar que a prestación se leve a cabo por xestión indirecta, mediante a modalidade de concerto. Isto é algo ao que tamén lles obriga a lei, concretar que tipo de modalidade queren.

Conclúe dicindo que na proposta que inicialmente se traía a pleno, tense incluído un parágrafo cunha achega do PSdeG-PSOE, que propón que este servizo que se vai levar a contratación sexa por un máximo de dous anos máis un prorrogable. Foi unha proposta aceptada polo equipo de goberno porque xa era unha proposta na que eles estaban traballando.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, como xa teñen dito nas comisións informativas de onte, non teñen nada que opoñer a que o concello asuma como competencia propia a prestación do servizo público de axuda no fogar, e tampouco se opoñen a que a modalidade de contratación da xestión dese servizo público se realice pola fórmula do concerto.

O que si manifestaron na comisión de onte foi que, ante a carencia na proposta dun prazo polo que se ía sacar a contratar o servizo, e tendo en conta que legalmente un servizo destas características pola vía de concerto pode ter ata unha duración de 25 anos, entendían que era necesario restrinxir a duración do contrato o máis posible, co fin de fortalecer e asegurar a calidade do servizo, sobre todo polo colectivo tan sensible ao que está destinado este tipo de prestación. Ademais, tamén deben ter en conta a situación pola que están pasando moitas empresas neste país, porque puidera ocorrer que un contrato a 25 anos non se puidera realizar axeitadamente.

Por todo isto, e á vista de que a suxestión que fixeron vén recollida agora na proposta que hoxe se lles pon a consideración, o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo tamén coincide en que debe ser o propio concello o que teña a competencia propia neste tipo de xestións, pero no que discrepan é na elección da forma de xestión

elixida, o concerto. A eles gustaríalles que fora o concello directamente o que prestara o servizo, pero teñen que ter en conta os informes que emite a Intervención municipal, así como o disposto pola propia Xunta de Galicia, iso aínda que eles discrepen profundamente case na maioría dos temas que parten da Xunta, así pois o seu grupo vai cambiar o voto da comisión e vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles tamén van cambiar o seu voto, e van votar a prol. De todas formas, e xa non con respecto a este tema, senón con respecto a este pleno, gustaríalles saber por que se fai un pleno extraordinario, os veciños teñen dereito a sabelo, cando o día 18 xa tiveron un pleno ordinario.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que por dous motivos sinxelos, un foi porque o día 12 de xullo, cando tiña que convocarse o pleno do día 18, aínda non estaba lista a documentación para traer nin este asunto, nin tampouco o das actividades culturais. E, en segundo lugar, sobre todo porque as actividades culturais comezan na Casa da Cultura a mediados de setembro. Se calculan que o acordo tense que expoñer ao público para poder aprobarse, despois hai que abrir un prazo de inscrición nas actividades, e despois teñen que comezar, entón fállles falta o tempo para que as actividades poidan comezar na súa data. Ese foi o principal motivo da urxencia.

Continúa dicindo que posteriormente aproveitouse para incluír o tema do servizo de axuda no fogar porque estaba listo, pero a urxencia viña do anterior asunto. Estaba lista a documentación e aproveitouse que se convocaba un pleno para incluílo, posteriormente veu a renuncia dun dos concelleiros e tamén se meteu, para que así no vindeiro pleno xa poida tomar posesión e participar o novo concelleiro.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño agradece dende UxC que o seu concelleiro poida tomar posesión no vindeiro pleno, pero de todas formas o que non entenden é iso de que non estaba lista a documentación. Gustaríalle facer unha crítica construtiva, se se deixasen de tantas idas e voltas para sacarse as fotos e se dedicasen a ter lista a documentación, porque isto xa o sabían con anterioridade, non terían que facer un pleno extraordinario que lles sae dos petos a todos os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo están loxicamente de acordo coa proposta de que o concello asuma esa competencia, faltaría máis. Están tamén de acordo, e así o manifestaron publicamente, coa idea de que se restrinxa o concerto a dous anos máis un, porque neste tipo de cuestións dende o BNG son e queren ser extremadamente cautos.

Están falando dun servizo público que para eles ten carácter básico, onde o concello, a administración máis próxima ao cidadán, cos cartos de todos acomete un servizo. Eles entenden que a maneira debера ser a máis directa posible, son moi reticentes a que nesta relación entre a administración e o cidadán, que é contribuínte e neste caso receptor dunha prestación, haxa polo medio unha empresa privada.

A lei, o ordenamento vixente, recolle a posibilidade de que baixo o pavillón público se poida acometer este servizo baixo determinadas modalidades de xestión directa, enumera a lei ata catro modalidades. Polos motivos que sexa, que poden ser moi lícitos e eles os respectan, ben baseándose en informes técnicos ou na premura de prestar o servizo, ou incluso en, por que non dicilo?, en que a experiencia ata o de agora pode ser considerada positiva por determinada xente, óptase por un modo de xestión indirecta mediante concerto.

Eles, como unha forza política radicalmente de esquerdas, están en contra. Cren que se deberan buscar outras fórmulas para promover a xestión directa, a xestión pública, deste tipo de servizo. Entenden que é unha cuestión ideolóxica, seguramente dende o PP pensen diferente ao que poida pensar o Bloque, e realmente entenden que é algo necesario, e máis no actual momento, recuperar formas de xestión pública, de xestión directa por parte de todos, de aspectos e de servizos que son fundamentais.

Este servizo en Cambre ven sendo xestionado ata o de agora polo grupo Eulen, nada que obxectar a ese grupo, o grupo Eulen é un grupo cunhas conexións co Opus Dei maravillosas, o seu propietario, David Álvarez, dirixe un grupo que traballa principalmente no sector da limpeza, da seguridade privada, no sector sociosanitario, en mantemento de instalacións públicas, e tamén en cuestións medioambientais, é dicir, é un empresario que traballa prioritariamente para a administración pública, que vive, loxicamente, dos cartos de todos, iso non lle impide dicir que para saír da crise hai que traballar máis e vivir peor, así, de maneira literal. Pero non só iso, senón que David Álvarez, ademais de ser presidente e dono do grupo Eulen, ten tamén outro tipo de sociedades, como unha que se chama "El enebro" coa que donou, segundo os papeis de Luis Bárcenas, 100000 euros ao PP ata o ano 2008, cuestión que aínda a día de hoxe non foi desmentida nin por Dolores de Cospedal, nin polo luceiro da alba.

Explica que con isto o que se ve, ben ás claras, son as conexións que hai entre determinadas concesións, entre determinados concertos, entre determinados agasallos que se lle fan á empresa privada, e determinados favores aos partidos políticos. E seguro, e anticipase xa á resposta que lle poidan dar, que o Bloque, entre outras forzas políticas, ten feito bastante o cafre en cuestións como estas, pero é a día de hoxe, 31 de xullo de 2013, que eles están radicalmente en contra de perpetuar un modelo de servizo público que atende prioritariamente aos intereses de empresas privadas antes que aos cidadáns.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre simplemente quere dicir que nin ten, nin deixa de ter intención de coñecer a esa persoa que o Sr. Carballada acaba de describir, pero é posible que o Sr. concelleiro lle teña que pedir explicacións aos membros do seu partido, porque foron os que contrataron a esa empresa.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que os membros do seu partido foron expulsados.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que o que queira, pero que aquí gobernaba o BNG cando se contratou ese servizo, e o PP estaba na oposición, entón pode dicir o que queira, pero cada un ten que tomar a súa responsabilidade. El non ten nin o máis mínimo interese nin en que esta empresa siga facendo o servizo, nin en que o deixe

de facer, non ten ningún, el o único que quere, como supón que queren todos, é que estea unha empresa que lle preste un bo servizo público aos veciños de Cambre. Se o Sr. Carballada pensa que ese home traballaba por algún motivo, ao mellor o que ten que facer é mirar no seu propio partido por que esa empresa está prestando servizo en Cambre, porque foi o seu partido quen a contratou cando estaba no goberno.

En todo caso, sobre o que dixó de que se preste directamente o servizo, el pode estar a prol ou en contra, non é unha cousa nin de esquerdas nin de dereitas, é posible que o servizo se preste mellor de forma directa, a cuestión é que o Sr. concelleiro debería saber, como responsable político que é, que este concello non pode contratar persoal, e menos a 25 persoas que son as que actualmente prestan o servizo. Pregúntalle como a curto prazo poden afrontar a xestión directa deste servizo, porque non hai posibilidade e nin sequera é cuestión de propoñelo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que a súa intervención non ten que ver con este punto da orde do día, pero si era para corrixir un olvido que tivo. Quere escusar a ausencia de dona Margarita Iglesias Pais, que por razóns persoais non puido estar hoxe aquí.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que simplemente quere intervir por alusións, para aclarar as cousas aquí publicamente e que dalgunha maneira conste en acta, por se polo que sexa o Sr. voceiro do PP non acaba de entendelo. Di que esas persoas que eran concelleiros do grupo municipal do BNG en determinado momento da pasada lexislatura, foron expulsadas do BNG, foron declaradas tránsfugas, quizais, entre outras razóns, por facer cousas, ao seu modo de ver, tan vergoñentas como estas, e eles asúmelo, porque eles asumen toda a súa historia sen ningún tipo de problema, nin de rémora, e con bastante sinceridade. Se o Sr. Andreu pensa botar os dous anos que quedan de lexislatura con este tipo de argumento, pois encantado da vida, porque por eles non hai ningún problema.

Di que tamén falou o voceiro do PP de soste os argumentos e de termar do que se di. El dille e rétao, xa que tanto fala de con quen hai relacións, de que se coñece ou non coñece, a que vaia á sede do BNG en Santiago de Compostela, que vaia aos seus libros de contas, que vaia a todo e calquera papeleo que poida ter o BNG, e que mire se ese señor, se o grupo Eulen, fixo algún tipo de donativo ao BNG, porque el estaría encantado, o que xa saben é que llo fixo ao PP.

Toma a palabra a Sra. presidenta para dicirlle ao Sr. concelleiro que ela cre que se está desviando do tema, e que o mellor é pasar á votación porque non hai moito máis que dicir, e o que fala agora xa non vai co tema que están tratando.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, simplemente por pechar o debate,...

Don Daniel Carballada Rodríguez diríxese á Sra. alcaldesa para dicirlle que ou pechan ou non pechan o tema.

Don Felipe Andreu Barallobre reitera que é simplemente por pechalo, porque el non sacou o tema, sacouno o concelleiro do BNG, e fíxoo intentando facer ver que o PP

pode ter algún interese en que Eulen preste o servizo, e non é así, foron eles os que o fixeron, os que contrataron, e se di que asumen o seu pasado, entón debería ter comezado a súa intervención dicindo “o BNG contratou este servizo pero eu agora non estou de acordo”, e así todo o mundo o tería claro.

Toma a palabra a Sra. presidenta para sinalar que van pasar á votación porque cre que está o tema máis ou menos claro, isto vaise sacar a contratación e levarao Eulen ou quen teña que levalo segundo os méritos que presente, e espera que fagan o mellor servizo posible, porque o goberno non ten ningún interese en ningunha empresa en concreto, co cal pasan á votación do asunto que se trouxo a pleno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e votan en contra os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, a señora presidenta levantou a sesión cando son as vinte horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

A secretaria xeral

Mª Jesús González Roel

Mª Luisa de la Red Ampudia